Magnetismo

Método e recomendacións

◊ PROBLEMAS

● Campo magnético

● Partículas

1. Un protón cunha enerxía cinética de 20 eV móvese nunha órbita circular perpendicular a un campo magnético de 1 T. Calcula:
   a) O raio da órbita.
   b) A frecuencia do movemento.
   c) Xustifica por que non se consome enerxía neste movemento.
   Datos: m_p = 1,67·10⁻²⁷ kg; q_p = 1,6·10⁻¹⁹ C; 1 eV = 1,6·10⁻¹⁹ J. *(P.A.U. xuño 14)*
   Rta.: a) R = 6,46·10⁻⁴ m; b) f = 1,52·10⁷ voltas/s.

Datos	***Cifras significativas: 2***
Enerxía cinética do protón	E_c = 20 eV = 3,2·10⁻¹⁸ J
Valor da intensidade do campo magnético	B = 1,0 T
Carga do protón	q = 1,6·10⁻¹⁹ C
Ángulo entre a velocidade do protón e o campo	φ = 90°
Masa do protón	m = 1,67·10⁻²⁷ kg
Incógnitas	
Radio da traxectoria circular	R
Frecuencia do movemento	f
Outros símbolos	
Valor da forza magnética sobre o protón	F_B
Período do movemento circular	T
Ecuacións	
Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q, que se despraza no interior dun campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, cunha velocidade, $\overline{\boldsymbol{v}}$	$\overline{\boldsymbol{F}}_B = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}})$
Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)	$a_N=\dfrac{v^2}{R}$
2.ª lei de Newton da Dinámica	$\Sigma\overline{\boldsymbol{F}} = m \cdot \overline{\boldsymbol{a}}$
Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R	$v=\dfrac{2\pi\cdot R}{T}$

Solución:

a) A enerxía cinética vale:



$$E_c = 20 \text{ eV} \cdot 1{,}6\cdot10^{-19} \text{ J/eV} = 3{,}2\cdot10^{-18} \text{ J}$$

A velocidade do protón calcúlase a partir da enerxía cinética:

$$E_c = \tfrac{1}{2}\, m \cdot v^2 \Rightarrow 3{,}2\cdot10^{-18} \text{ [J]} = (1{,}67\cdot10^{-27} \text{ [kg]} / 2) \cdot v^2$$

$$v=\sqrt{\frac{2\cdot 3{,}2\cdot 10^{-18}[\text{J}]}{1{,}67\cdot 10^{-27}[\text{kg}]}}=6{,}2\cdot 10^4 \text{ m/s}$$

Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, o protón describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N.

$$F_B=m\cdot a=m\cdot a_N=m\frac{v^2}{R}$$

Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \operatorname{sen} \varphi = m \frac{v^2}{R}$$

Despexando o raio, *R*:

$$R = \frac{m \cdot v}{|q| \cdot B \cdot \operatorname{sen} \varphi} = \frac{1{,}67 \cdot 10^{-27}\,[\text{kg}] \cdot 6{,}2 \cdot 10^4\,[\text{m/s}]}{1{,}6 \cdot 10^{-19}\,[\text{C}] \cdot 1{,}0\,[\text{T}] \cdot \operatorname{sen} 90°} = 6{,}4 \cdot 10^{-4}\ \text{m}$$

b) O período do movemento calcúlase a partir da ecuación da velocidade no movemento circular uniforme:

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T} \Rightarrow T = \frac{2\pi \cdot R}{v} = \frac{2 \cdot 3{,}14 \cdot 6{,}4 \cdot 10^{-4}\,[\text{m}]}{6{,}2 \cdot 10^4\,[\text{m/s}]} = 6{,}5 \cdot 10^{-8}\ \text{s}$$

A frecuencia será:

$$f = \frac{1}{T} = \frac{1\ \text{volta}}{6{,}5 \cdot 10^{-8}\,[\text{s}]} = 1{,}5 \cdot 10^7\ \text{voltas/s}$$

c) Como a forza magnética é perpendicular ao desprazamento en todo momento, o seu traballo é nulo.

2. Acelérase unha partícula alfa mediante unha diferenza de potencial de 1 kV, penetrando a continuación, perpendicularmente ás liñas de indución, nun campo magnético de 0,2 T. Acha:
   a) O raio da traxectoria descrita pola partícula.
   b) O traballo realizado pola forza magnética.
   c) O módulo, dirección e sentido dun campo eléctrico necesario para que a partícula alfa non experimente desviación algunha ao seu paso pola rexión na que existen os campos eléctrico e magnético.
   Datos: $m_\alpha = 6{,}68 \cdot 10^{-27}$ kg; $q_\alpha = 3{,}2 \cdot 10^{-19}$ C. *(P.A.U. set. 13)*
   Rta.: a) $R = 3{,}2$ cm; b) $W_B = 0$; c) $|\overline{\boldsymbol{E}}| = 6{,}2 \cdot 10^4$ V/m.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Carga da partícula alfa	$q_\alpha = 3{,}2 \cdot 10^{-19}$ C
Diferencia de potencial de aceleración	$\Delta V = 1{,}00$ kV $= 1{,}00 \cdot 10^3$ V
Masa da partícula alfa	$m_\alpha = 6{,}68 \cdot 10^{-27}$ kg
Intensidade do campo magnético	$\lvert\overline{\boldsymbol{B}}\rvert = 0{,}200$ T

Datos	***Cifras significativas: 3***
Carga da partícula alfa	$q_\alpha = 3{,}2 \cdot 10^{-19}$ C
Diferencia de potencial de aceleración	$\Delta V = 1{,}00$ kV $= 1{,}00 \cdot 10^3$ V
Masa da partícula alfa	$m_\alpha = 6{,}68 \cdot 10^{-27}$ kg
Intensidade do campo magnético	$\lvert\overline{\boldsymbol{B}}\rvert = 0{,}200$ T

Outros símbolos	
Vector da forza magnética sobre a partícula alfa	$\overline{\boldsymbol{F}}_B$
Vector forza eléctrica sobre a partícula alfa	$\overline{\boldsymbol{F}}_E$
Ecuacións	
Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, *q*, que se despraza no interior dun campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, cunha velocidade, $\overline{\boldsymbol{v}}$	$\overline{\boldsymbol{F}}_B = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}})$
Aceleración normal (nun movemento circular de raio *R*)	$a_N = \frac{v^2}{R}$
2.ª lei de Newton da Dinámica	$\Sigma\overline{\boldsymbol{F}} = m \cdot \overline{\boldsymbol{a}}$
Velocidade nun movemento circular uniforme de raio *R*	$v = \frac{2\pi \cdot R}{T}$
Forza, $\overline{\boldsymbol{F}}_E$, exercida por un campo electrostático, $\overline{\boldsymbol{E}}$, sobre unha carga, *q*	$\overline{\boldsymbol{F}}_E = q \cdot \overline{\boldsymbol{E}}$

Solución:

a) Para calcular a velocidade da partícula alfa temos que ter en conta que ao acelerar a partícula alfa cunha diferenza de potencial (supomos que desde o repouso), este adquire unha enerxía cinética:

$$W(\text{eléctrico}) = q \cdot \Delta V = \Delta E_c = ½\ m_p \cdot v^2 - ½\ m_p \cdot v_0^2$$

Se parte do repouso, $v_0 = 0$. A velocidade final é:



$$v=\sqrt{\frac{2\,q_\alpha \cdot \Delta V}{m_\alpha}}=\sqrt{\frac{2\cdot 3{,}20\cdot 10^{-19}\ [\mathrm{C}]\cdot 1{,}00\cdot 10^{3}\ [\mathrm{V}]}{6{,}28\cdot 10^{-27}\ [\mathrm{kg}]}}=3{,}10\cdot 10^{5}\ \mathrm{m/s}$$

Se só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, a partícula alfa describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N.

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m\frac{v^2}{R}$$

Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \operatorname{sen}\varphi = m\frac{v^2}{R}$$

Despexando o raio, R:

$$R=\frac{m \cdot v}{|q| \cdot B \cdot \operatorname{sen}\varphi}$$

b) Como a traxectoria é circular, o desprazamento é, en todo momento, perpendicular á forza magnética, polo que o seu traballo é nulo.

$$W_B = F_B \cdot \Delta s \cdot \cos 90° = 0$$



c) Tomando o sistema de referencia como o de figura da dereita, cando só actúa a forza magnética a traxectoria da partícula alfa é unha circunferencia. Na figura anterior debuxouse a partícula alfa movéndose inicialmente no sentido positivo do eixe Y e o campo magnético dirixido no sentido negativo do eixe Z.
Cando actúa unha forza eléctrica que anula a magnética:

$$\overline{\boldsymbol{F}}_B + \overline{\boldsymbol{F}}_E = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}}) + q \cdot \overline{\boldsymbol{E}} = \overline{\mathbf{0}}$$

O campo eléctrico debe valer:

$$\overline{\boldsymbol{E}} = -(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}}) = -(3{,}10\cdot 10^5\ \overline{\mathbf{j}}\ [\mathrm{m/s}] \times 0{,}200\ (-\overline{\mathbf{k}})\ [\mathrm{T}]) = 6{,}19\cdot 10^4\ \overline{\mathbf{i}}\ \mathrm{N/C}$$

O campo eléctrico está dirixido no sentido positivo do eixe X.
En calquera sistema de referencia, a dirección do campo eléctrico debe ser perpendicular tanto á dirección do campo magnético como á dirección da velocidade. O sentido do campo eléctrico ten que ser igual que o da forza eléctrica e oposto ao da forza magnética.

3. Un protón con velocidade $\overline{\boldsymbol{v}} = 5\cdot 10^6\ \overline{\mathbf{i}}$ m/s penetra nunha zona onde hai un campo magnético $\overline{\boldsymbol{B}} = 1\ \overline{\mathbf{j}}$ T.
   a) Debuxa a forza que actúa sobre o protón e deduce a ecuación para calcular o raio da órbita.
   b) Calcula o número de voltas nun segundo.
   c) Varía a enerxía cinética do protón ao entrar nesa zona?
   Datos: $m_p = 1{,}67\cdot 10^{-27}$ kg; $q_p = 1{,}6\cdot 10^{-19}$ C. *(P.A.U. xuño 13)*
   Rta.: a) $R=\dfrac{m \cdot v}{|q| \cdot B \cdot \operatorname{sen}\varphi}$; b) N = Media volta en $3{,}28\cdot 10^{-8}$ s.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Velocidade do protón	$\overline{\boldsymbol{v}} = 5{,}00\cdot 10^6\ \overline{\mathbf{i}}\ \mathrm{m\cdot s^{-1}}$
Intensidade do campo magnético	$\overline{\boldsymbol{B}} = 1{,}00\ \overline{\mathbf{j}}$ T
Carga do protón	$q = 1{,}60\cdot 10^{-19}$ C
Masa do protón	$m = 1{,}67\cdot 10^{-27}$ kg
Incógnitas	
Forza magnética sobre o protón	$\overline{\boldsymbol{F}}_B$
Radio da traxectoria circular	R

Datos	***Cifras significativas: 3***
Número de voltas nun segundo	N
Ecuacións	
Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q, que se despraza no interior dun campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, cunha velocidade, $\overline{\boldsymbol{v}}$	$\overline{\boldsymbol{F}}_B = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}})$
Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)	$a_N = \frac{v^2}{R}$
2.ª lei de Newton da Dinámica	$\Sigma\overline{\boldsymbol{F}} = m \cdot \overline{\boldsymbol{a}}$
Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R	$v = \frac{2\pi \cdot R}{T}$

Solución:

a) A forza magnética, $\overline{\boldsymbol{F}}_B$, exercida polo campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, sobre a carga, q, do protón que se despraza á velocidade, $\overline{\boldsymbol{v}}$, é, pola lei de Lorentz:

$$\overline{\boldsymbol{F}}_B = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}}) = 1{,}60\cdot10^{-19}\ [\text{C}]\ (5{,}00\cdot10^{6}\ \overline{\mathbf{i}}\ [\text{m/s}] \times 1{,}00\ \overline{\mathbf{j}}\ [\text{T}]) = 8{,}00\cdot10^{-13}\ \overline{\mathbf{k}}\ \text{N}$$

É perpendicular á dirección do campo magnético e tamén á velocidade, e o sentido vén dado pola regra da man esquerda, tendo en conta que a carga é negativa. Na figura, as cruces × indican un campo magnético que entra na páxina.



Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, o protón describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N.

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m\frac{v^2}{R}$$

Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \operatorname{sen}\varphi = m\frac{v^2}{R}$$

Despexando o raio, R:

$$R = \frac{m \cdot v}{|q| \cdot B \cdot \operatorname{sen}\varphi} = \frac{1{,}67\cdot10^{-27}\ [\text{kg}]\cdot 5{,}00\cdot10^{6}\ [\text{m/s}]}{1{,}60\cdot10^{-19}\ [\text{C}]\cdot 1{,}00\ [\text{T}]\cdot \operatorname{sen} 90°} = 5{,}22\cdot10^{-2}\ \text{m} = 5{,}22\ \text{cm}$$

Análise: o raio ten un valor aceptable, uns centímetros.

b) Despexando o período na ecuación da velocidade nun movemento circular uniforme:

$$v = \frac{2\pi\cdot R}{T} \Rightarrow T = \frac{2\pi\cdot R}{v} = \frac{2\cdot3{,}14\cdot5{,}22\cdot10^{-2}\ [\text{m}]}{5{,}00\cdot10^{6}\ [\text{m/s}]} = 6{,}56\cdot10^{-8}\ \text{s}$$

O número de voltas en 1 s sería:

$$N = 1{,}00\ [\text{s}]\cdot\frac{1\ \text{volta}}{6{,}56\cdot10^{-8}\ [\text{s}]} = 1{,}52\cdot10^{7}\ \text{voltas}$$

Análise: Se o protón entra nun campo magnético, sairá del despois de describir media circunferencia, polo que en realidade só daría media volta nun tempo de T / 2 = 3,28·10⁻⁸ s *e sairía a unha distancia de* 2 R = 10,4 cm *do punto de entrada no campo.*

c) Non. A forza magnética é perpendicular á traxectoria en todos os puntos e, por tanto, non realiza traballo. Se o traballo da forza resultante é nulo, non hai variación da enerxía cinética.

4. Un electrón é acelerado por unha diferenza de potencial de 1000 V, entra nun campo magnético $\overline{\boldsymbol{B}}$ perpendicular á súa traxectoria, e describe unha órbita circular en $T = 2\cdot10^{-11}$ s. Calcula:
   a) A velocidade do electrón.
   b) O campo magnético.

c) Que dirección debe ter un campo eléctrico $\overline{\boldsymbol{E}}$ que aplicado xunto con $\overline{\boldsymbol{B}}$ permita que a traxectoria sexa rectilínea?

Datos: q_e = -1,6·10⁻¹⁹ C; m_e = 9,1·10⁻³¹ kg. *(P.A.U. xuño 08)*

Rta.: a) v = 1,88·10⁷ m/s; b) B = 1,79 T.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Carga do electrón	$q_e = -1{,}60 \cdot 10^{-19}$ C
Diferencia de potencial de aceleración	$\Delta V = 1{,}00 \cdot 10^3$ V
Masa do electrón	$m_e = 9{,}10 \cdot 10^{-31}$ kg
Período da traxectoria circular	$T = 2{,}00 \cdot 10^{-11}$ s
Incógnitas	
Velocidade do electrón	$\overline{\boldsymbol{v}}$
Intensidade do campo magnético	$\overline{\boldsymbol{B}}$
Vector campo eléctrico que anule o efecto do campo magnético	$\overline{\boldsymbol{E}}$
Outros símbolos	
Vector forza magnética sobre o electrón	$\overline{\boldsymbol{F}}_B$
Vector forza eléctrica sobre o electrón	$\overline{\boldsymbol{F}}_E$
Ecuacións	
Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q, que se despraza no interior dun campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, cunha velocidade, $\overline{\boldsymbol{v}}$	$\overline{\boldsymbol{F}}_B = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}})$
Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)	$a_N = \frac{v^2}{R}$
2.ª lei de Newton da Dinámica	$\Sigma \overline{\boldsymbol{F}} = m \cdot \overline{\boldsymbol{a}}$
Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R	$v = \frac{2\pi \cdot R}{T}$
Forza, $\overline{\boldsymbol{F}}_E$, exercida por un campo electrostático, $\overline{\boldsymbol{E}}$, sobre unha carga, q	$\overline{\boldsymbol{F}}_E = q \cdot \overline{\boldsymbol{E}}$

Solución:

a) Para calcular a velocidade do electrón temos que ter en conta que ao acelerar o electrón cunha diferenza de potencial (supomos que desde o repouso), este adquire unha enerxía cinética:

$$W(\text{eléctrico}) = q \cdot \Delta V = \Delta E_c = ½\, m_p\, v^2 - ½\, m_p\, v_0^2$$

Se parte do repouso, $v_0 = 0$. A velocidade final é:

$$v = \sqrt{\frac{2|q| \cdot \Delta V}{m_e}} = \sqrt{\frac{2 \cdot |-1{,}60 \cdot 10^{-19}\,[\mathrm{C}]| \cdot 1{,}00 \cdot 10^3\,[\mathrm{V}]}{9{,}10 \cdot 10^{-31}\,[\mathrm{kg}]}} = 1{,}88 \cdot 10^7\ \mathrm{m/s}$$

Análise: A velocidade parece moi elevada, pero non supera a décima da parte da velocidade da luz, e non hai que aplicar correccións relativistas.

b) Se só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, o electrón describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N.

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m\frac{v^2}{R}$$

Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \operatorname{sen} \varphi = m\frac{v^2}{R}$$

Despexando o campo magnético:

$$B = \frac{m \cdot v}{|q| \cdot R \cdot \operatorname{sen} \varphi}$$

É necesario obter o raio da traxectoria circular. Como se coñece o período, calcularase o raio a partir da relación entre o período e o raio dun movemento circular uniforme.

$$v=\frac{2\pi\cdot R}{T} \Rightarrow R=\frac{v\cdot T}{2\pi}=\frac{1{,}88\cdot10^{7}\,[\mathrm{m/s}]\cdot2{,}00\cdot10^{-11}\,[\mathrm{s}]}{2\pi}=5{,}97\cdot10^{-5}\ \mathrm{m}$$

O campo magnético valerá:

$$B=\frac{m\cdot v}{|q|\cdot R\cdot\mathrm{sen}\,\varphi}=\frac{9{,}10\cdot10^{-31}\,[\mathrm{kg}]\cdot1{,}88\cdot10^{7}\,[\mathrm{m/s}]}{|-1{,}60\cdot10^{-19}\,[\mathrm{C}]|\cdot5{,}97\cdot10^{-5}\,[\mathrm{m}]\cdot\mathrm{sen}\,90°}=1{,}79\ \mathrm{T}$$



c) Se só actúa a forza magnética pódese debuxar a traxectoria do electrón como na figura, na que o electrón se move no sentido positivo do eixe X e o campo magnético está dirixido no sentido negativo do eixe Z.
Se actúa unha forza eléctrica que anula a magnética,

$$\overline{\boldsymbol{F}}_B + \overline{\boldsymbol{F}}_E = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}}) + q \cdot \overline{\boldsymbol{E}} = \overline{\mathbf{0}}$$

O campo eléctrico debe valer:

$$\overline{\boldsymbol{E}} = -(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}}) = -(1{,}88\cdot10^{7}\ \overline{\mathbf{i}}\ [\mathrm{m/s}] \times 1{,}79\ (-\overline{\mathbf{k}})\ [\mathrm{T}]) = -3{,}35\cdot10^{7}\ \overline{\mathbf{j}}\ \mathrm{N/C}$$

O campo eléctrico está dirixido no sentido negativo do eixe Y.

Análise: A forza eléctrica estará dirixida na mesma dirección pero en sentido oposto que a forza magnética, ou sexa, en sentido positivo do eixe Y. Pero como o electrón ten carga negativa, o sentido do campo eléctrico é oposto, ou sexa no sentido negativo do eixe Y.

5. Unha partícula con carga $0{,}5\cdot10^{-9}$ C móvese con $\overline{\boldsymbol{v}} = 4\cdot10^{6}\ \overline{\mathbf{j}}$ m/s e entra nunha zona onde existe un campo magnético $\overline{\boldsymbol{B}} = 0{,}5\ \overline{\mathbf{i}}$ T:
   a) Que campo eléctrico $\overline{\boldsymbol{E}}$ hai que aplicar para que a carga non sufra ningunha desviación?
   b) En ausencia de campo eléctrico calcula a masa se o raio da órbita é 10^{-7} m.
   c) Razoa se a forza magnética realiza algún traballo sobre a carga cando esta describe unha órbita circular.

(P.A.U. set. 07)

Rta.: a) $\overline{\boldsymbol{E}} = 2{,}00\cdot10^{6}\ \overline{\mathbf{k}}$ N/C; b) $m = 6{,}25\cdot10^{-24}$ kg.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Carga da partícula	$q = 0{,}5\cdot10^{-9}\ \mathrm{C} = 5{,}00\cdot10^{-10}\ \mathrm{C}$
Intensidade do campo magnético	$\overline{\boldsymbol{B}} = 0{,}500\ \overline{\mathbf{i}}\ \mathrm{T}$
Velocidade da partícula	$\overline{\boldsymbol{v}} = 4{,}00\cdot10^{6}\ \overline{\mathbf{j}}\ \mathrm{m/s}$
Radio da traxectoria circular	$R = 1{,}00\cdot10^{-7}\ \mathrm{m}$
Incógnitas	
Vector campo eléctrico que anule o efecto do campo magnético	$\overline{\boldsymbol{E}}$
Masa da partícula	m
Outros símbolos	
Valor da forza magnética sobre o protón	F_B
Vector forza eléctrica sobre o protón	$\overline{\boldsymbol{F}}_E$
Ecuacións	
Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q, que se despraza no interior dun campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, cunha velocidade, $\overline{\boldsymbol{v}}$	$\overline{\boldsymbol{F}}_B = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}})$
Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)	$a_\mathrm{N}=\frac{v^2}{R}$
2.ª lei de Newton da Dinámica	$\sum\overline{\boldsymbol{F}} = m \cdot \overline{\boldsymbol{a}}$
Forza, $\overline{\boldsymbol{F}}_E$, exercida por un campo electrostático, $\overline{\boldsymbol{E}}$, sobre unha carga, q	$\overline{\boldsymbol{F}}_E = q \cdot \overline{\boldsymbol{E}}$

Solución:

a) Se a forza eléctrica anula a magnética,

$$\overline{F}_B + \overline{F}_E = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}}) + q \cdot \overline{\boldsymbol{E}} = \overline{\boldsymbol{0}}$$

$$\overline{\boldsymbol{E}} = -(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}}) = -(4{,}00 \cdot 10^6\ \overline{\mathbf{j}}\ [\text{m/s}] \times 0{,}500\ \overline{\mathbf{i}}\ [\text{T}]) = 2{,}00 \cdot 10^6\ \overline{\mathbf{k}}\ \text{N/C}$$



b) Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, a partícula describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N.

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m \frac{v^2}{R}$$

Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \operatorname{sen} \varphi = m \frac{v^2}{R}$$

Se a partícula entra perpendicularmente ao campo magnético, sen φ = 1.
Despexando a masa, m:

$$m = \frac{R \cdot q \cdot B}{v} = \frac{1{,}00 \cdot 10^{-7}\ [\text{m}] \cdot 5{,}00 \cdot 10^{-10}\ [\text{C}] \cdot 0{,}500\ [\text{T}]}{4{,}00 \cdot 10^6\ [\text{m/s}]} = 6{,}25 \cdot 10^{-24}\ \text{kg}$$

Análise: A masa é unhas $7 \cdot 10^6$ *veces a masa do electrón. Aínda supoñendo o improbable caso dunha «partícula» constituída por todos eses electróns, a súa carga non podería ser superior a* $7 \cdot 10^6 \cdot 1{,}6 \cdot 10^{-19}$ C = $1 \cdot 10^{-12}$ C *e xamais podería alcanzar o valor de* $0{,}5 \cdot 10^{-9}$ C. *Algo falla. Como os cálculos parecen estar ben, é de supoñer que os datos do problema non foron moi meditados.*

c) Como a traxectoria é circular, o desprazamento é, en todo momento, perpendicular á forza magnética, polo que o traballo é nulo.

$$W = F \cdot \Delta s \cdot \cos 90° = 0$$

6. Un protón acelerado por unha diferenza de potencial de 5000 V penetra perpendicularmente nun campo magnético uniforme de 0,32 T. Calcula:
   a) A velocidade do protón.
   b) O raio da órbita que describe e o número de voltas que dá en 1 segundo.
   Datos: m_p = $1{,}67 \cdot 10^{-27}$ kg, q_p = $1{,}60 \cdot 10^{-19}$ C (Fai un debuxo do problema). *(P.A.U. xuño 05)*
   Rta.: a) v = $9{,}79 \cdot 10^5$ m/s; b) R = 3,2 cm; N = $4{,}9 \cdot 10^6$ voltas/s.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Potencial de aceleración	V = 5000 V = $5{,}00 \cdot 10^3$ V
Valor da intensidade do campo magnético	B = 0,320 T
Carga do protón	q = $1{,}60 \cdot 10^{-19}$ C
Ángulo entre a velocidade do protón e o campo magnético	φ = 90°
Masa do protón	m = $1{,}67 \cdot 10^{-27}$ kg
Tempo para calcular o número de voltas	t = 1,00 s
Incógnitas	
Velocidade do protón	v
Radio da traxectoria circular	R
Número de voltas que dá en 1 s	N
Outros símbolos	
Valor da forza magnética sobre o protón	F_B
Período do movemento circular	T
Enerxía (cinética) do protón	E_c
Ecuacións	
Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q, que se despraza no interior dun campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, cunha velocidade, $\overline{\boldsymbol{v}}$	$\overline{F}_B = q\,(\overline{\boldsymbol{v}} \times \overline{\boldsymbol{B}})$
Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)	$a_N = \frac{v^2}{R}$
2.ª lei de Newton da Dinámica	$\Sigma\overline{\boldsymbol{F}} = m \cdot \overline{\boldsymbol{a}}$

Ecuacións

Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R	$v=\frac{2\pi \cdot R}{T}$
Traballo do campo eléctrico	$W(\text{eléctrico}) = q \cdot \Delta V$
Traballo da forza resultante	$W = \Delta E_c$
Enerxía cinética	$E_c = ½\ m \cdot v^2$

Solución:

a) Para calcular a velocidade temos que ter en conta que ao acelerar o protón cunha diferenza de potencial (supomos que desde o repouso), este adquire unha enerxía cinética:

$$W(\text{eléctrico}) = q \cdot \Delta V = \Delta E_c = ½\ m_p\ v^2 - ½\ m_p\ v_0^2$$

Se parte do repouso, $v_0 = 0$. A velocidade final é:

$$v=\sqrt{\frac{2\, q \cdot \Delta V}{m_p}}=\sqrt{\frac{2 \cdot 1{,}60 \cdot 10^{-19}\ [\text{C}] \cdot 5{,}00 \cdot 10^3\ [\text{V}]}{1{,}67 \cdot 10^{-27}\ [\text{kg}]}}=9{,}79 \cdot 10^5\ \text{m/s}$$

b) Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, o protón describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N.

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m \frac{v^2}{R}$$

Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \operatorname{sen} \varphi = m \frac{v^2}{R}$$

Despexando o raio, R:

$$R=\frac{m \cdot v}{|q| \cdot B \cdot \operatorname{sen} \varphi}=\frac{1{,}67 \cdot 10^{-27}\ [\text{kg}] \cdot 9{,}79 \cdot 10^5\ [\text{m/s}]}{1{,}60 \cdot 10^{-19}\ [\text{C}] \cdot 0{,}320 [\text{T}] \cdot \operatorname{sen} 90°}=3{,}19 \cdot 10^{-2}\ \text{m}=3{,}19\ \text{cm}$$

Análise: o raio ten un valor aceptable, uns centímetros.

O período do movemento calcúlase a partir da ecuación da velocidade no movemento circular uniforme:

$$v=\frac{2\pi \cdot R}{T} \Rightarrow T=\frac{2\pi \cdot R}{v}=\frac{2 \cdot 3{,}14 \cdot 3{,}19 \cdot 10^{-2}\ [\text{m}]}{9{,}79 \cdot 10^5\ [\text{m/s}]}=2{,}05 \cdot 10^{-7}\ \text{s}$$



O número, N, de voltas en 1 s será:

$$N=1{,}00\ [\text{s}] \cdot \frac{1\ \text{volta}}{2{,}05 \cdot 10^{-7}\ [\text{s}]}=4{,}88 \cdot 10^6\ \text{voltas}$$

Análise: Se o protón entra nun campo magnético, ao describir media circunferencia sairá del, polo que en realidade só daría media volta nun tempo de T / 2 = 1,03·10⁻⁷ s e sairía a unha distancia de 2 R = 6,4 cm do punto de entrada.

● Correntes

1. a) Indica cal é o módulo, dirección e sentido do campo magnético creado por un fío condutor recto percorrido por unha corrente e realiza un esquema que ilustre as características de devandito campo. Considérese agora que dous fíos condutores rectos e paralelos de gran lonxitude transportan a súa respectiva corrente eléctrica.
b) Sabendo que a intensidade dunha das correntes é o dobre que a da outra corrente e que, estando separados 10 cm, atráense cunha forza por unidade de lonxitude de $4{,}8 \cdot 10^{-5}$ N·m⁻¹, calcula as intensi-

dades que circulan polos fíos.
c) Canto vale o campo magnético nun punto situado entre os dous fíos, a 3 cm do que transporta menos corrente?
Dato: $\mu_0 = 4\ \pi\ 10^{-7}$ N·A⁻². *(P.A.U. xuño 15)*
Rta.: b) I_1 = 3,46 A; I_2 = 6,93 A; c) B = 3,3 μT.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Intensidade de corrente polo segundo condutor	$I_2 = 2\ I_1$
Distancia entre os dous condutores	d = 10,0 cm = 0,100 m
Forza de atracción por unidade de lonxitude	$F / l = 4{,}8 \cdot 10^{-5}$ N·m⁻¹
Permeabilidade magnética do baleiro	$\mu_0 = 4\ \pi\ 10^{-7}$ N·A⁻²
Incógnitas	
Intensidades que circulan polos fíos	I_1, I_2
Campo magnético a 3 cm do fío con menos corrente	$\overline{\boldsymbol{B}}$
Ecuacións	
Lei de Biot-Savart: campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, creado a unha distanciar r, por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I	$B=\dfrac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$
Principio e superposición:	$\overline{\boldsymbol{B}} = \Sigma \overline{\boldsymbol{B}}_i$
Lei de Laplace: forza magnética que exerce un campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, sobre un tramo, l, de condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I	$\overline{\boldsymbol{F}}_B = I(\overline{\boldsymbol{l}} \times \overline{\boldsymbol{B}})$

Solución:

a) O campo magnético creado por un condutor rectilíneo é circular e o seu sentido vén dado pola regra da man dereita: o sentido do campo magnético é o de peche da man dereita cando o polgar apunta no sentido da corrente.
O valor do campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, creado a unha distancia, r, por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I, vén dado pola lei de Biot-Savart:



$$B=\frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$$

b) A forza entre dous condutores rectilíneos paralelos obtense substituíndo na ecuación de Lorentz a expresión da lei de Biot-Savart.

$$F_{21}=I_1 \cdot l \cdot B_2=I_1 \cdot l \cdot \frac{\mu_0 \cdot I_2}{2\pi \cdot r}=\frac{\mu_0 \cdot I_1 \cdot I_2}{2\pi \cdot r} \cdot l$$

Substituíndo os datos, tendo en conta que a forza é por unidade de lonxitude (l = 1 m):

$$4{,}8 \cdot 10^{-5}\ [\mathrm{N \cdot m^{-1}}]=\frac{4\pi \cdot 10^{-7}\ [\mathrm{N \cdot A^{-2}}] \cdot I_1 \cdot 2 I_1}{2\pi \cdot 0{,}100\ [\mathrm{m}]}$$

$$I_1=\sqrt{\frac{4{,}8 \cdot 10^{-5}\ [\mathrm{N \cdot m^{-1}}] \cdot 2\pi \cdot 0{,}100\ [\mathrm{m}]}{2 \cdot 4\pi \cdot 10^{-7}\ [\mathrm{N \cdot A^{-2}}]}}=3{,}46\ \mathrm{A}$$

$$I_2 = 2\ I_1 = 6{,}93\ \mathrm{A}$$

c) No diagrama debúxanse os campos magnéticos $\overline{\boldsymbol{B}}_1$ e $\overline{\boldsymbol{B}}_2$ creados por ámbolos dous condutores no punto 3 a 3 cm de I $_1$.
O campo magnético creado polo condutor 1 a 3 cm de distancia é:



$$B_1=\frac{\mu_0 \cdot I_1}{2\pi \cdot r_1}=\frac{4\pi \cdot 10^{-7}\ [\mathrm{N \cdot A^{-2}}] \cdot 3{,}46\ [\mathrm{A}]}{2\pi \cdot 0{,}030\ 0[\mathrm{m}]}=2{,}31 \cdot 10^{-5}\ \mathrm{T}$$

O campo magnético creado polo condutor 2 a 7 cm de distancia é:

$$B_2=\frac{\mu_0 \cdot I_1}{2\pi \cdot r_2}=\frac{4\pi \cdot 10^{-7}\ [\mathrm{N \cdot A^{-2}}] \cdot 6{,}93\ [\mathrm{A}]}{2\pi \cdot 0{,}070\ 0[\mathrm{m}]}=1{,}98 \cdot 10^{-5}\ \mathrm{T}$$

Como os campos son de sentidos opostos, o campo magnético resultante no punto que dista 3 cm é:

$$B_3 = B_1 - B_2 = 2{,}31 \cdot 10^{-5} \text{ [T]} - 1{,}98 \cdot 10^{-5} \text{ [T]} = 3{,}3 \cdot 10^{-6} \text{ T}$$

A dirección do campo magnético resultante é perpendicular ao plano formado polos dous condutores e o sentido é o do campo magnético do fío máis próximo, (no debuxo, cara ao bordo superior da páxina).

2. Dous condutores rectos, paralelos e longos están situados no plano *XY* e paralelos ao eixe *Y*. Un pasa polo punto (10, 0) cm e o outro polo (20, 0) cm. Ambos conducen correntes eléctricas de 5 A no sentido positivo do eixe *Y*.
   a) Explica a expresión utilizada para o cálculo do vector campo magnético creado por un longo condutor rectilíneo con corrente *I*.
   b) Calcula o campo magnético no punto (30, 0) cm
   c) Calcula o campo magnético no punto (15, 0) cm.
   Dato: $\mu_0 = 4\,\pi\,10^{-7}$ (S.I.). *(P.A.U. xuño 09)*
   Rta.: b) $\overline{\boldsymbol{B}}_b = -15 \cdot 10^{-6}\,\overline{\mathbf{k}}$ T; c) $\overline{\boldsymbol{B}}_c = \overline{\mathbf{0}}$.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Intensidade de corrente por cada condutor	$I = 5{,}00$ A
Posición do punto polo que pasa o primeiro condutor	$\overline{\boldsymbol{r}}_1$ (10,0, 0) cm = (0,0100, 0) m
Posición do punto polo que pasa o segundo condutor	$\overline{\boldsymbol{r}}_2$ (20,0, 0) cm = (0,0200, 0) m
Posición do punto no que hai que calcular o campo magnético no apdo. a	$\overline{\boldsymbol{r}}_3$ (30,0, 0) cm = (0,0300, 0) m
Posición do punto no que hai que calcular o campo magnético no apdo. b	$\overline{\boldsymbol{r}}_4$ (15,0, 0) cm = (0,0150, 0) m
Permeabilidade magnética do baleiro	$\mu_0 = 4\,\pi\,10^{-7}$ T·m·A⁻¹
Incógnitas	
Campo magnético no punto (30, 0) cm	$\overline{\boldsymbol{B}}_3$
Campo magnético no punto (15, 0) cm	$\overline{\boldsymbol{B}}_4$
Ecuacións	
Lei de Biot-Savart: campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, creado a unha distanciar *r*, por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, *I*	$B = \dfrac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$
Principio e superposición:	$\overline{\boldsymbol{B}} = \Sigma \overline{\boldsymbol{B}}_i$

Solución:

a) O campo magnético creado por un condutor rectilíneo é circular e o seu sentido vén dado pola regra da man dereita: o sentido do campo magnético é o de peche da man dereita cando o polgar apunta no sentido da corrente.

O valor do campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, creado a unha distancia, *r*, por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, *I*, vén dado pola lei de Biot-Savart:

$$B = \frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$$



b) No diagrama debúxanse os campos magnéticos B_1 e B_2 creados por ámbolos dous condutores no punto C(30, 0) cm.

O campo magnético creado polo condutor 1 que pasa por (10, 0) cm no punto 3(30, 0) cm é:

$$\vec{\boldsymbol{B}}_{31} = \frac{\mu_0 \cdot I_1}{2\pi \cdot r}(-\vec{\mathbf{k}}) = \frac{4\pi \cdot 10^{-7}\,[\mathrm{T{\cdot}m{\cdot}A^{-1}}] \cdot 5{,}00\,[\mathrm{A}]}{2\pi \cdot 0{,}200\,[\mathrm{m}]}(-\vec{\mathbf{k}}) = -5{,}00 \cdot 10^{-6}\,\vec{\mathbf{k}}\ \mathrm{T}$$

O campo magnético creado polo condutor 2 que pasa por (20, 0) cm no punto 3(30, 0) cm é:

$$\vec{\boldsymbol{B}}_{32} = \frac{\mu_0 \cdot I_2}{2\pi \cdot r}(-\vec{\mathbf{k}}) = \frac{4\pi \cdot 10^{-7}\,[\mathrm{T{\cdot}m{\cdot}A^{-1}}] \cdot 5{,}00\,[\mathrm{A}]}{2\pi \cdot 0{,}100\,[\mathrm{m}]}(-\vec{\mathbf{k}}) = -10{,}0 \cdot 10^{-6}\,\vec{\mathbf{k}}\ \mathrm{T}$$

O campo magnético resultante é a suma vectorial de ambos:

$$\overline{\boldsymbol{B}}_3 = \overline{\boldsymbol{B}}_{31} + \overline{\boldsymbol{B}}_{32} = (-5{,}00 \cdot 10^{-6}\,\overline{\mathbf{k}})\,[\mathrm{T}] + (-10{,}0 \cdot 10^{-6}\,\overline{\mathbf{k}})\,[\mathrm{T}] = -15{,}0 \cdot 10^{-6}\,\overline{\mathbf{k}}\ \mathrm{T}$$



c) O campo magnético creado polo condutor 1 no punto 4 equidistante de ámbolos dous condutores é:

$$\vec{B}_{41}=\frac{\mu_0 \cdot I_1}{2\pi \cdot r}(-\vec{\mathbf{k}})=\frac{4\pi \cdot 10^{-7}\,[\mathrm{T \cdot m \cdot A^{-1}}] \cdot 5{,}00\,[\mathrm{A}]}{2\pi \cdot 0{,}050\,[\mathrm{m}]}(-\vec{\mathbf{k}})=-2{,}00 \cdot 10^{-5}\vec{\mathbf{k}}\ \mathrm{T}$$

O campo magnético creado polo condutor 2 no punto 4, equidistante de ámbolos dous condutores, é oposto, de igual magnitude e dirección pero de sentido oposto, polo que a resultante é nula.

$$\overline{\boldsymbol{B}}_4 = \overline{\mathbf{0}}$$

3. Dous fíos condutores rectos moi longos e paralelos (A e B) con correntes I_A = 5 A e I_B = 3 A no mesmo sentido están separados 0,2 m. Calcula:
   a) O campo magnético no punto medio entre os dous condutores (D)
   b) A forza exercida sobre un terceiro condutor C paralelo os anteriores, de 0,5 m e con I_C = 2 A e que pasa por D.
   Dato: μ_0 = 4 π 10^{-7} S.I. *(P.A.U. set. 06)*
   Rta.: a) $\overline{\boldsymbol{B}}$ = 4,0·10^{-6} T perpendicular aos fíos; b) $\overline{\boldsymbol{F}}$ = 4,0·10^{-6} N cara a A.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Intensidade de corrente polo condutor A	I_{A} = 5,00 A
Intensidade de corrente polo condutor B	I_B = 3,00 A
Distancia entre os condutores	d = 0,200 m
Permeabilidade magnética do baleiro	μ_0 = 4 π 10^{-7} T·m·A^{-1}
Intensidade de corrente polo condutor C	I_C = 2,00 A
Lonxitude do condutor C	l = 0,500 m
Incógnitas	
Campo magnético no punto D medio entre os dous condutores	$\overline{\boldsymbol{B}}_D$
Forza exercida sobre un terceiro condutor C que pasa por D	$\overline{\boldsymbol{F}}_C$
Ecuacións	
Lei de Biot-Savart: campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, creado a unha distanciar *r*, por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, *I*	$B=\frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$
Principio de superposición:	$\overline{\boldsymbol{B}} = \sum \overline{\boldsymbol{B}}_i$
Lei de Laplace: forza magnética que exerce un campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, sobre un tramo, *l*, de condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, *I*	$\overline{\boldsymbol{F}}_B = I\,(\overline{\boldsymbol{l}} \times \overline{\boldsymbol{B}})$

Solución:

a) O valor do campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, creado a unha distancia, *r*, por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, *I*, vén dado pola lei de Biot-Savart:

$$B=\frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$$



O campo magnético creado por un condutor rectilíneo é circular e o seu sentido vén dado pola regra da man dereita: o sentido do campo magnético é o de peche da man dereita cando o polgar apunta no sentido da corrente.
No diagrama debúxanse os campos magnéticos BA e BB creados por ámbolos dous condutores no punto medio D.
O campo magnético creado polo condutor A no punto D equidistante de ámbolos dous condutores é:

$$\vec{B}_{DA}=\frac{\mu_0 \cdot I_A}{2\pi \cdot r}(-\vec{\mathbf{k}})=\frac{4\pi \cdot 10^{-7}\,[\mathrm{T \cdot m \cdot A^{-1}}] \cdot 5{,}00\,[\mathrm{A}]}{2\pi \cdot 0{,}100\,[\mathrm{m}]}(-\vec{\mathbf{k}})=-1{,}00 \cdot 10^{-5}\vec{\mathbf{k}}\ \mathrm{T}$$

O campo magnético creado polo condutor B no punto D equidistante de ámbolos dous condutores é:

$$\vec{B}_{DB}=\frac{\mu_0 \cdot I_B}{2\pi \cdot r}\vec{\mathbf{k}}=\frac{4\pi \cdot 10^{-7}\,[\mathrm{T \cdot m \cdot A^{-1}}] \cdot 3{,}00\,[\mathrm{A}]}{2\pi \cdot 0{,}100\,[\mathrm{m}]}\vec{\mathbf{k}}=6{,}00 \cdot 10^{-6}\vec{\mathbf{k}}\ \mathrm{T}$$

O campo magnético resultante é a suma vectorial de ambos:

$$\overline{\boldsymbol{B}}_D = \overline{\boldsymbol{B}}_{DA} + \overline{\boldsymbol{B}}_{DB} = -1{,}00 \cdot 10^{-5}\ \overline{\mathbf{k}}\ [\mathrm{T}] + 6{,}00 \cdot 10^{-6}\ \overline{\mathbf{k}}\ [\mathrm{T}] = -4{,}0 \cdot 10^{-6}\ \overline{\mathbf{k}}\ \mathrm{T}$$

b) A forza que se exerce sobre un condutor C situado en D é:

$$\overline{\boldsymbol{F}}_B = I\,(\overline{\boldsymbol{l}} \times \overline{\boldsymbol{B}}) = 2{,}00\ [\text{A}]\ (0{,}500\ \overline{\mathbf{j}}\ [\text{m}]) \times (-4{,}0 \cdot 10^{-6}\ \overline{\mathbf{k}}\ [\text{T}])) = -4{,}0 \cdot 10^{-6}\ \overline{\mathbf{i}}\ \text{N}$$

Está dirixida cara ao condutor A se o sentido da corrente é o mesmo que o dos outros condutores.
Análise: Os condutores que transportan a corrente no mesmo sentido atráense e se o fan en sentido oposto, repélense. Aínda que se ve atraído por ambos os condutores, o será con maior forza polo que circula maior intensidade, ou sexa o A.

● Indución electromagnética

1. Unha bobina cadrada e plana (S = 25 cm²) construída con 5 espiras está no plano XY:
   a) Enuncia a lei de Faraday-Lenz.
   b) Calcula a f.e.m. media inducida se aplícase un campo magnético en dirección do eixe Z, que varía de 0,5 T a 0,2 T en 0,1 s.
   c) Calcula a f.e.m. media inducida se o campo permanece constante (0,5 T) e a bobina xira ata colocarse no plano XZ en 0,1 s.

(P.A.U. xuño 07)

Rta.: b) ε_b = 0,038 V; c) ε_c = 0,063 V.

Datos	***Cifras significativas: 2***
Superficie de cada espira	S = 25 cm² = $2{,}5 \cdot 10^{-3}$ m²
Número de espiras	N = 5 espiras
Campo magnético inicial	$\overline{\boldsymbol{B}}_0 = 0{,}50\ \overline{\mathbf{k}}$ T
Campo magnético final	$\overline{\boldsymbol{B}} = 0{,}20\ \overline{\mathbf{k}}$ T
Intervalo de tempo	Δt = 0,10 s
Incógnitas	
Forza electromotriz ao diminuír o campo magnético	ε_b
Forza electromotriz ao xirar a bobina 90°	ε_c
Ecuacións	
Lei de Faraday-Lenz	$\varepsilon = \frac{-\mathrm{d}\Phi}{\mathrm{d}t}$
Fluxo magnético elemental	$\mathrm{d}\Phi = \vec{\boldsymbol{B}} \cdot \mathrm{d}\vec{\boldsymbol{S}}$
Fluxo magnético dun campo constante a través dun solenoide de N espiras	$\Phi = B \cdot N \cdot S$

Solución:

a) A lei de Faraday-Lenz di que se producirá unha corrente inducida nun circuíto pola variación de fluxo magnético a través del. A forza electromotriz inducida, ε, é igual á variación instantánea do fluxo magnético, Φ, que o atravesa.

$$\varepsilon = \frac{-\mathrm{d}\Phi}{\mathrm{d}t}$$

A lei de Lenz di que a corrente inducida circulará de maneira que o fluxo magnético producido por ela oporase á variación de fluxo.



O fluxo magnético elemental, dΦ, a través dun elemento de superficie é o produto escalar do vector campo magnético, $\overline{\boldsymbol{B}}$, polo vector elemento de superficie, d$\overline{\boldsymbol{S}}$, perpendicular á superficie.

$$\mathrm{d}\Phi = \vec{\boldsymbol{B}} \cdot \mathrm{d}\vec{\boldsymbol{S}}$$

O fluxo total é a suma de todos os fluxos elementais a través de todas as superficies.
Se o campo magnético é constante e perpendicular á superficie:

$$\Phi = B \cdot N \cdot S$$

Sendo N o número de espiras atravesadas polo campo magnético.



b) O fluxo inicial era:

$$\Phi_0 = B_0 \cdot N \cdot S \cdot \cos 0 = 0{,}50\ [\mathrm{T}] \cdot 5 \cdot 2{,}5 \cdot 10^{-3}\ [\mathrm{m}^2] = 6{,}3 \cdot 10^{-3}\ \mathrm{Wb}$$

O fluxo final:

$$\Phi = B \cdot N \cdot S \cdot \cos 0 = 0{,}20\ [\mathrm{T}] \cdot 5 \cdot 2{,}5 \cdot 10^{-3}\ [\mathrm{m}^2] = 2{,}5 \cdot 10^{-3}\ \mathrm{Wb}$$

A forza electromotriz media será:

$$\varepsilon_{\mathrm{b}} = -\frac{\Delta \Phi}{\Delta t} = -\frac{2{,}5 \cdot 10^{-3}\ [\mathrm{Wb}] - 6{,}3 \cdot 10^{-3}\ [\mathrm{Wb}]}{0{,}10\ [\mathrm{s}]} = 0{,}038\ \mathrm{V}$$

O sentido da corrente oporase á diminución de fluxo saínte (cara a fóra da páxina), polo que producirá un campo magnético saínte (cara a fóra da páxina) e a corrente terá un sentido antihorario (visto desde encima da páxina)

